

ACTIVIDADES ADAPTADAS AL E PT

A atención educativa dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo trabállase dende unha perspectiva inclusiva dentro da aula. As mestras de AL e de PT entraron a traballar con Adrián durante 8 horas semanais en total.

A mestra de AL reforzou as clases de galego, e a mestra de PT as matemáticas e as ciencias.

Entre os materiais empregados atopamos:

Grid 3, tablet, pulsador, BJOY Ring

Textos comprensivos de complexidade crecente. (Contos, contido social..)

Follas plastificadas e rotuladores vileda.

Libro de texto.

PowerPoint

Word

Actividades adaptadas:

Vocabulario expresivo e comprensivo a nivel escrito

Dictados de palabras e frases

Asociación fonema-grafema, ortografía, separación de palabras, xénero e número, acentuación..

Actividades para reforzar a seguridade, autoestima e autonomía.

Exemplos de actividades adaptadas:

REXISTROS FONOLÓXICOS

(ACTIVIDADE: **individual** - MATERIAL: **dixital ou físico**)

Os rexistros fonolóxicos foron adaptados para o alumno, de maneira que o rexistro se faga por escrito, xa que non pode completalos de xeito oral.


Consiste nunha lista de palabras que serán analizadas de dous xeitos diferentes para poder apreciar as dificultades que presenta o alumno. Primeiro amosarásele a imaxe cun dibuxo ou cunha fotografía, para posteriormente pedirlle que escriba esa palabra. Este resultado será anotado na columna de “Escritura espontánea”. Si o alumno comete algún erro, procederemos a pronunciarlle a palabra pausadamente, para que volva a intentar escribila. Este resultado será anotado na columna de “Dictado”.

Unha vez completado o rexistro poderemos comprobar o fonema ou os fonemas que fallan.

Se erra na sílaba trabada “”pl” (por exemplo en plátano) traballárase sobre esa sílaba en exercicios posteriores. Levanse a cabo asociacións fonema-grafema, nomear palabras con esa sílaba trabada, incluíla en textos de comprensión escrita, etc.

REGISTRO DE PALABRAS

PALABRAS	ESCRITURA ESPONTÁNEA	DITADO
MOTO		
BOCA		
PIÑA		
PIANO		
PALA		
PÉ		
NENO		
PAN		
OLLO		
LLAVE		
LUNA		
CAMPÁ		
INDIO		
TOALLA		
FUMA		
DEDO		
PEINE		
DUCHA		
GAFAS		
TORO		
CADEIRA		
TAZA		
CULLER		
TELÉFONO		
SOL		
CASA		
PEZ		
GAIOLA		
ZAPATO		
FLAN		
LAPIS		



TEXTOS COMPRENSIÓN LECTORA

(ACTIVIDADE: grupal ou individual - MATERIAL: dixital ou físico)

Para traballar textos de comprensión lectora é necesario, polo momento, que a extensión dos mesmos non sexa moi longa. Deste xeito podemos traballar o texto con preguntas curtas de comprensión.

Pódese traballar de dous xeitos, volvendo ao texto inicial como axuda para contestar as preguntas, ou facelo sen mirar traballando deste xeito tamén a memoria.

MONUMENTOS

LECTURA 1

Ayer en el colegio, mi profesor nos habló de los romanos. Nos contó que hace muchísimos años, los romanos que habitaban España construían muchos edificios. A mí me impresionó un teatro de Mérida. Ahí se representaban obras de teatro y en la actualidad se siguen representando.

Responde

- Inventa un título para esta lectura.
- De qué les habló su profesor?
- ¿Quiénes habitaban España hace muchos años?
- ¿Qué edificio romano le impresionó más?
- ¿Para qué sirve un teatro?

VOCABULARIO COMPRENSIVO

(ACTIVIDADE: **individual** - MATERIAL: **dixital**)

As actividades de vocabulario comprensivo axúdannos a saber se o alumno decodifica ou coñece o significado das palabras que nos lle presentemos. Neste caso ten que sinalar a palabra que sobra dentro dun conxunto de catro diferentes.

No caso de que non entenda algunha, pronunciaselle en alto.

LECTURA
CATEGORÍAS DE
PALABRAS

GATO MONO
RATÓN CASA

PERA CHOCOLATE
MANZANA MELÓN

PANTALÓN ZAPATO
CAMISA TENEDOR

PELO CEREZA
OREJA BOCA

PLÁTANO AZUL
ROJO VERDE

FÚTBOL FONTANERO
BALONCESTO TENIS
CICLISMO NATACIÓN

BALDOSA RUEDA
PELOTA CANICA
VOLANTE MONEDA

MÉDICO MAESTRO
DELGADO FONTANERO
POLICÍA JARDINERO

ADXECTIVOS E SUBSTANTIVOS

(ACTIVIDADE: **grupal ou individual** - MATERIAL: **dixital ou físico**)

Nesta actividade propoñemoslle ao alumno imaxes de substantivos, e el ten que escribir adxectivos ao lado que os definan. É unha actividade dixital, xa que se pode cubrir en power point na tablet, así como manipulativa. Neste segundo caso, faríase proporcionando o material plastificado en A3, xunto a varias tarxetas de palabras (substantivos verbos e adxetivos). O alumno tería que discriminar os adxectivos e emparexalos correctamente.

1. Escribe ou pega dous adxectivos para cada sustantivo.




DADOS FONÉTICOS


(ACTIVIDADE: **grupal ou individual** - MATERIAL: **físico**)

Para esta actividade temos que plastificar os taboleiros, e empregar dous dados grandes de cores. Xogamos de xeito individual pero tamén en grupo. O noso alumno ten que tirar os dados e buscar a casilla coa imaxe correcta. Unha vez a ten localizada, no GRID3 ten que escribir a palabra. Deste xeito reforzamos a escritura de palabras con R e S.

O XOGO DOS DADOS FONÉTICOS



O XOGO DOS DADOS FONÉTICOS



SÍLABAS INVERSAS

(ACTIVIDADE: **individual** - MATERIAL: **dixital**)

Nesta actividade traballárase a discriminación visual así como auditiva. Consiste en que o alumno localize as palabras que se repiten, a discrimine entre tres dadas, etc. Este tipo de actividades son flexibles xa que se poden adaptar ás palabras coas que o alumno atopa máis dificultade á hora de escribir e ler.

Atopa as palabras que están repetidas



lata ato ola
 auto moto
 alto lapa mato
 pato alto